

O CANON DA AUGA

A partir do **1 de xullo de 2012** entrou en vigor o **CANON DA AUGA**, creado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia e desenvolvido polo Decreto 136/2012, de 31 de maio (DOG do 22 de xuño de 2012). En aplicación deste, o Concello de Vilasantar ten a obriga de facturar o canon da auga aos abonados ao servizo municipal de subministro de auga e ingresar os importes percibidos a Augas de Galicia.

Segundo a citada Lei e o Decreto, a cota do canon da auga está constituída por unha compoñente fixa e unha variable, sendo a suma de ambas a cota a facturar de canon da auga.

- a) Cota fixa: A cota fixa será de 0,50 €/mes por vivenda, sempre e cando non se supere o consumo mínimo establecido no primeiro tramo da cota variable, que será de **1,54 €/mes**.
- b) Cota variable: é un sistema de tramo en función dos consumos e dos habitantes da vivenda:

Tramos de consumo (m ³ mes/) en función do número de persoas							
1 persoa	2 persoas	3 persoas*	4 persoas	5 persoas	6 persoas	7 persoas	Tipo de gravame
0 – 2	0 – 4	0 – 6	0 – 8	0 – 10	0 – 12	0 – 14	0,00 €/m³
3 - 4	5 – 8	7 - 12	9 – 16	11 - 20	13 – 24	15 – 28	0,29 €/m³
5 - 8	9 – 16	13 – 24	17 – 32	21 – 40	25 – 48	29 – 56	0,37 €/m³
>8	>16	>24	>32	>40	>48	>56	0,42 €/m³

* A Lei establece que por defecto se aplique o tramo de 3 persoas por vivenda

En conclusión, os recibos da auga por consumos feitos a partir do día 1 de xullo de 2012 veranse incrementados co importe correspondente ao canon da auga imposto pola Lei de Augas de Galicia. Nos recibos aparece a cantidade a pagar en concepto do canon da auga, e a cantidade a pagar según as tarifas do Concello.

A tarifa que corresponde pagar ao Concello polo consumo de auga, aplícase en función da seguinte escala, aprobada na normativa do Concello (Ordenanza fiscal nº 12, taxa por subministro da auga. BOP do 27-08-2017, nº 198).

- mínimo ata 20 m³ bimestre: 2,52 €
- de 20 a 40 m³ bimestre: 0,35 €/m³
- A partir de 40 m³ bimestre: 0,55 €/m³
- Conservación contador: 0,40 €
- Conservación acometida: 1 €

Polo tanto:

Por un mínimo de consumo de auga de 19 m³ a cota a pagar ao concello sería 2,52 + 0,40 + 1 e sumado o IVE do 10%, dando un total de 4,31 euros. A esta cantidade engadimos 0,51 € por mes (neste caso sería 1,02 euros, por ser os recibos bimestrais no Concello), en concepto de canon da auga, sempre e cando o consumo mínimo a efectos de Augas de Galicia non supere os 6 m³/mes, resultanto un total de 5,33 euros. En resume, o mínimo do recibo da auga que se paga son 5,33 euros.

Cando o consumo de mínimo de auga para o Concello de Vilasantar son 19 m³, para Augas de Galicia o consumo mínimo son 6 m³/mes. Polo tanto, para calcular o canon da auga os 6 primeiros m³ son gratuítos, pero a partir de aí o tramo de tarifas é diferente ao do Concello.

(Aclaración de dúbidas): algúns veciños ven que pagan distinta cantidade polo consumo de auga, cando non superan o mínimo de 19 m³. A razón é isa. Augas de Galicia non ten en conta o mínimo do Concello, senón que aplican tramos diferentes. Para o Concello o mínimo son 19 m³, e para augas de Galicia o mínimo son 6 m³.

Así algúns **exemplos prácticos** para calcular a cota a pagar serían (cantidades bimestrais):

Para unha vivenda que teña durante dous meses un consumo de auga de 18 m³: Para a tarifa do Concello non supera os 19 m³, polo tanto vai a pagar o mínimo (4,31 €), pero a efectos de Augas de Galicia supera o seu mínimo de 6 m³, polo que se empezaría a aplicar os tramos ata chegar aos 18 m³, o que lle supón pagar unha cantidade de 4,82 €, polo que o total do recibo sería 4,31 + 4,82 = 9,13 euros.

Para unha vivenda que teña durante dous meses un consumo de auga de 6 m³: Para a tarifa do Concello non supera os 19 m³, polo que vai a pagar un mínimo (4,31 euros), e a efectos de Augas de Galicia para o canon da auga está no tramo do seu mínimo de 6 m³, polo que lle correspondería pagar a cantidade mínima de 1,02 euros, o que lle supón pagar un recibo de 5,33 euros.

Para unha vivenda que teña durante dous meses un consumo de auga de 13 m³: para a tarifa do Concello non supera os 19 m³, polo que vai pagar o mínimo de 4,31 euros, pero para calcular o canon da auga si que supera o mínimo de 6 m³, polo que se lle aplicaría o seguinte tramo de tarifas, o que lle supón pagar 0,28+3,08=3,36 euros. O que fai un total do recibo da auga de 7,68 euros.

Para unha vivenda que teña durante dous meses un consumo de 25 m³: para a tarifa do Concello supera o mínimo, polo que pasará a aplicarse a seguinte tarifa o que lle vai a supoñer unha cantidade de 11,17 euros. E para calcular o canon da auga aplícase o último tramo de tarifas, que lle supón un total de 6,93 euros. Entón o total do recibo a pagar sería 18,10 euros.

Para unha vivenda que teña durante dous meses un consumo de 42 m³: para a tarifa do Concello supera o mínimo, polo que se lle aplicará a última tarifa por metro cúbico, que supón unha cantidade de 26,95 euros. E para calcular o canon da auga tamén se aplicará o último tramo de tarifas, o que lle supón unha cantidade de 13,22 euros. Polo tanto pagará un recibo de 40,17 euros.